

kalandraka

Texto: **MARCO BERRETTONI CARRARA**

Ilustracións: **CHIARA CARRER**

Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartón. 32 páxinas.

Ilustracións en color. 22x22 cm.

Dispoñible en:

- Galego: "Fálame". MareMar
ISBN 978-84-8464-729-4
- Castelán: "Háblame". Libros para Soñar
ISBN 978-84-92608-25-6
- Catalán: "Parla'm". Kalandraka - Hipòtesi
ISBN 978-84-937469-3-3
- Euskera: "Sara, nor Zara?". Kalandraka - Pamiela
ISBN 978-84-7681-608-0
- Italiano: "È non è". Libri per Sognare
ISBN 978-88-95933-24-5

Prezo: 13 €

FÁLAME

...Sara é así. Fica inmóbil durante horas, non fala, non oe, non mira, non quere xogar a nada. Viaxa e vaga polos seus pensamentos, non sabemos como, e moito menos por onde, vive no interior do seu mundo e mais nada, solitaria...



"Fálame" é unha aproximación poética e cercana ao fenómeno do autismo. O narrador ou narradora conta en primeira persoa como é a súa irmá: evoca a súa presenza enigmática, describe o seu cambiante estado de ánimo, expresa as súas emocións e sentimentos hacia ela, o tipo de relación que a une ao conxunto da familia... A comunicación e a comprensión mutua non son tarefa doada, pero nada é comparable á singularidade de Sara.

As ilustracións superpóñense sobre papel pintado; son trazos, debuxos, sombras, figuras que se aplican a modo de collage sobre superficies con textura. Transmiten visualmente o que o texto expresa de forma literaria: abstracción, ausencia, afecto, misterio, soidade, pánico, tenrura, enfado...

KALANDRAKA volve abordar o mundo das persoas con necesidades educativas especiais; neste caso, dende o punto de vista dun familiar directo que comparte vivencias e inquietudes. Dunha parte, a colección Makakiños, en colaboración coa asociación BATA, adapta á linguaxe de pictogramas SPC contos tradicionais e clásicos da literatura infantil ("El patito feo", "El pequeño conejo blanco", "Chivos chivones",

- **Temática:** o mundo dunha nena con autismo, contado dende o punto de vista da infancia
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos
- **Aspectos destacables:** KALANDRAKA edita a colección Makakiños para nenos e nenas con necesidades educativas especiais
- **Aplicacións:** sentimentos, incomunicación, relación entre irmáns, singularidade, discapacidade intelectual

"La ratita presumida"). Procurando máis autonomía das persoas con autismo, creouse tamén a colección Makakiños Día a Día ("Nicolás va de compras" e "Nicolás cocina sin fuego"), que presenta guías de coñecemento e intercomunicación co contorno.

MARCO BERRETTONI CARRARA (Roma)

Estudou pintura e teatro en Roma e París. Colaborou co mestre Mauro Bolognini en varias montaxes escénicas. Dende 1990 dirixe obradoiros de teatro escolar, adaptando textos clásicos e tradicionais. En 2000 empezou a colaborar con Chiara Carrer, como autor de libros infantís.

CHIARA CARRER (Venecia)

Diplomada na Academia de Belas Artes e na Escola de Artes Aplicadas de Roma. Recibiu, entre outros, o Premio Unicef (1995), a Mazá de Ouro de Bratislava (2003) e o Premio Andersen (1999). A Bienal de Ilustración Ilustrarte concedeulle unha mención especial en 2007. A súa obra expúxose países como Francia, Italia, Xapón ou Brasil.

